

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE

CURSO: 4º E.P

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO:

DATA: 12. 5.2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	<i>Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</i>
	<i>Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</i>
	<i>Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</i>
Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	<i>Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</i>
Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	<i>Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.</i>
Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	<i>Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.</i>
<i>Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</i>	<i>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</i>
<i>Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</i>	<i>Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</i>
<i>Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</i>	<i>Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</i>
<i>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</i>	<i>Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</i>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global, continua e formativa, facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.</p>
	<p>- Instrumentos: -Fichas fotocopiáveis de repaso e reforzo.</p> <p>- Blog de Música (creado especialmente para esta circunstancia extraordinaria, dado que é moi difícil realizar actividades colectivas telemáticamente). O enlace é maticesmusicais.blogspot.com (entradas periódicas con recursos diversos -audicións, danzas, cancións, exercicios rítmicos, partituras, instrumentación....).</p>
Cualificación final	<p>Na avaliación final das aprendizaxes do alumnado valorarei o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, facendo unha nota media das cualificacións e valorando en positivo o traballo deste trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Ver, escoitar e practicar os recursos subidos ao BLOG, -cantigas, percusións corporais, linguaxe musical, audicións, xogos de discriminación auditiva, familias instrumentais.</p> <p>Tocar coa frauta as partituras de repaso.</p> <p>-Construir un instrumento con materiais de refugallo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p style="text-align: center;">Alumnado con conectividade</p> <p>Activa, lúdica e participativa. Sentir, expresar e crear son as palabras clave. O blog de música, presenta diversidade de actividades, -expresión corporal, a voz, práctica instrumental, audicións,- .O alumnado descubrirá un mundo sonoro enriquecido e comprenderá o valor da música como arte. Refòrzanse as competencias básicas e as intelixencias múltiples. Traballará de xeito interactivo na aula virtual.</p>
	<p style="text-align: center;">Alumnado sen conectividade</p> <p>Activa e formativa, repasando exercicios e contidos en fichas fotocopiáveis -cancións, partituras, patróns melódicos e rítmicos-..... Refòrzanse asimesmo as competencias básicas e as intelixencias múltiples.</p>
Materiais e recursos	<p>O BLOG de Música, maticesmusicais.blogspot.com , no que hai entradas con contidos axeitados ás súas idades.</p> <p>-Fichas fotocopiáveis.</p> <p>-A aula virtual, á que poden subir traballos.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias están informadas a través da app ABALARmóbil, por mensaxería e o BLOG está publicado na web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.